

**Anuncio: Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do barrio histórico da Magdalena e Ferrol Vello de Ferrol, referidas ao Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ferrol de data 29.10.2020 con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, Real decreto 106/2018, do 10 de marzo de 2018, anualidade 2020.**

## ANUNCIO

O 23/02/2021 a Alcaldía aprobou as “*Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do barrio histórico da Magdalena e Ferrol Vello de Ferrol, referidas ao Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ferrol de data 29.10.2020 con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, Real decreto 106/2018, do 10 de marzo de 2018, anualidade 2020.*”

O texto íntegro da convocatoria publícase no BOP e na páxina web do Concello de Ferrol (endereço <https://www.ferrol.gal/rehabilitacion>). O teléfono da Oficina de Rehabilitación, 981 944 065, estará dispoñible en horario de 9:00 a 14:00 horas para as consultas ao respecto. Os anuncios da convocatoria publicaranse no DOG e no taboleiro de anuncios do Concello de Ferrol.

Deberanse presentar as solicitudes xunto coa documentación preceptiva descrita na convocatoria, mediante os impresos normalizados, no Rexistro do Concello de Ferrol ou por calquera medio dos admitidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O prazo de presentación de solicitudes comezará ás 09:00 horas da mañá do 20º (vixésimo) día hábil contado dende o día seguinte á última publicación desta convocatoria, que se fará no BOP (texto íntegro) e no DOG (anuncio).

O prazo de presentación de solicitudes coa documentación prevista no apartado 12 prolongarase ata o día 30/09/2025 ou ata o esgotamento do crédito dispoñible ou do número de intervencións concedidas, se se producen con anterioridade.

Os impresos normalizados estarán dispoñibles no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol e na súa páxina web (<https://www.ferrol.gal/rehabilitacion>).

A continuación publícase o texto íntegro da bases:

**"Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do barrio histórico da Magdalena e Ferrol Vello de Ferrol, referidas ao Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ferrol de data 29.10.2020 con base no *Plan estatal de vivenda 2018-2021*, Real decreto 106/2018, do 10 de marzo de 2018, anualidade 2020.**

As presentes bases elabóranse en desenvolvemento do acordo suscrito o 29 de outubro de 2020 polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia (por medio do Instituto Galego da Vivenda e o Solo, IGVS) e o Concello de Ferrol, aprobado polo Pleno do Concello de Ferrol o 11 de novembro do 2020 e relativo á *Área de rexeneración e renovación urbana* dos barrios históricos da Magdalena e Ferrol Vello en Ferrol (A Coruña), Comunidade Autónoma de Galicia, dentro do Plan estatal de vivenda 2018-2021, anualidade 2020, en relación co papel xestor do Concello de Ferrol para a execución dese plan e o seu

**Anuncio: Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do barrio histórico da Magdalena e Ferrol Vello de Ferrol, referidas ao Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ferrol de data 29.10.2020 con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, Real decreto 106/2018, do 10 de marzo de 2018, anualidade 2020.**

compromiso na publicación dunha convocatoria para a concesión das subvencións previstas neste acordo.

## 1. OBXECTO

Estas bases teñen por obxecto regular a concesión das subvencións destinadas a financiar as actuacións de rehabilitación dos edificios e vivendas dentro do ámbito definido da *Área de rexeneración e renovación urbana* dos barrios históricos da Magdalena e Ferrol Vello, en Ferrol, con cargo ao novo convenio aprobado polo Pleno do Concello de Ferrol o 11 de novembro do 2020 e subscrito polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, o IGVS e o Concello de Ferrol para tal obxecto, no marco do *Plan estatal de vivenda 2018-2021* e do convenio de colaboración previo entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución do dito plan, conforme co establecido no artigo 5 do RD 106/2018 e no artigo noveno da Resolución do 19 de xuño do 2020 do IGVS.

## 2. BENEFICIARIOS

Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas ou entidades que asuman a responsabilidade da execución integral da *Área de rexeneración e renovación urbana* da *Área de rehabilitación integral* dos barrios históricos da Magdalena e Ferrol Vello, 14ª fase.

As persoas e as entidades beneficiarias das axudas deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 7.2 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, e no ordinal Vixésimo da Resolución do 19 de xuño de 2020 do IGVS.

Cando a execución da actuación corresponda a varias persoas beneficiarias, a axuda distribuirase en proporción ao custo asumido por cada unha delas. As persoas e/ou as entidades beneficiarias destinarán o importe íntegro da axuda ao pagamento das correspondentes actuacións. Cando se trate dunha comunidade, dunha agrupación de comunidades de persoas propietarias ou dunha agrupación de persoas propietarias, esta regra resultará igualmente de aplicación, con independencia de que tanto o importe da axuda como o custo das obras deban repercutirse nas persoas propietarias de vivendas e, de ser o caso, dos locais comerciais ou predios doutros usos compatibles, de conformidade coas regras previstas na lexislación de propiedade horizontal.

Non obstante o disposto no parágrafo anterior, cando algún dos membros da comunidade ou da agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias incorra nunha ou en varias das prohibicións establecidas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou do artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, non se atribuirá á dita persoa propietaria a parte proporcional que lle correspondería da axuda recibida, que se ratearía entre os restantes membros da comunidade ou agrupación de comunidades de persoas propietarias ou da agrupación de persoas propietarias.

De conformidade co artigo 52 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, estas axudas serán incompatibles coas subvencións procedentes do Programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do Programa de fomento do parque de vivenda en alugamento e do Programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

**Anuncio: Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do barrio histórico da Magdalena e Ferrol Vello de Ferrol, referidas ao Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ferrol de data 29.10.2020 con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, Real decreto 106/2018, do 10 de marzo de 2018, anualidade 2020.**

Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias aquelas que estean incursas nalguna das causas previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou aquelas ás cales se lles revogase algunha das axudas contidas neste ou en anteriores plans de vivenda por causas imputables á persoa ou entidade solicitante.

As persoas interesadas, ao formalizar unha solicitude, sométense ao cumprimento das condicións da convocatoria e demais normativa reguladora que sexa de aplicación ao obxecto das axudas.

### **3. OBRIGAS DAS PERSOAS OU ENTIDADES BENEFICIARIAS**

Ademais das recollidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, as persoas ou entidades beneficiarias terán as seguintes obrigas:

- a) Realizar a totalidade das actuacións de rehabilitación ou renovación para as cales se concedeu a axuda, de conformidade coa resolución de cualificación provisional.
- b) Comunicarlle ao concello calquera modificación das condicións que motivaron o recoñecemento da subvención que poida determinar a perda sobrevida do dereito á axuda.
- c) Someterse ás actuacións de comprobación e inspección durante a vixencia da subvención, así como permitirles ao concello e/ou ao IGVS realizar as inspeccións e comprobacións que se consideren oportunas para verificar a exactitude dos datos achegados e/ou o destino da subvención concedida.
- d) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, ou polo concello ou polo IGVS.
- e) Estar ao día nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social no momento en que se aboan as subvencións.
- f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- g) Subministrar ao IGVS, logo de requirimento para os efectos, de conformidade co artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no título I da citada lei.
- h) As demais que deriven da Resolución do 19 de xuño de 2020 do IGVS (DOG 128 do 30 de xuño de 2020) e do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

### **4. ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES**

De conformidade co artigo 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, son actuacións subvencionables as seguintes:

**Anuncio: Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do barrio histórico da Magdalena e Ferrol Vello de Ferrol, referidas ao Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ferrol de data 29.10.2020 con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, Real decreto 106/2018, do 10 de marzo de 2018, anualidade 2020.**

1. As previstas no artigo 36 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da mellora da eficiencia enerxética e da sustentabilidade en vivendas, sempre que se acade unha redución da demanda enerxética de polo menos o 25%, nos termos establecidos no citado artigo.
2. As previstas no artigo 43 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, para o Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas.
3. A execución de obras e/ou traballos de mantemento e intervención nas vivendas unifamiliares e nos edificios, mesmo no interior das vivendas, instalacións fixas, equipamento propio e elementos comúns, co fin de adecualos aos estándares previstos pola normativa vixente.
4. Serán subvencionables as actuacións realizadas en vivendas unifamiliares, en edificios de vivendas de tipoloxía residencial colectiva ou nas vivendas situadas nestes edificios.

Todas as actuacións deberán dispor de licenza municipal ou, de ser o caso, someterse ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, así como dispor de todas as autorizacións sectoriais preceptivas.

As actuacións deberanse axustar ao proxecto ou á memoria elaborada para a súa execución.

As actuacións que se poderán acoller ás axudas en ningún caso deberán estar finalizadas na data da presentación das solicitudes formuladas segundo a presente convocatoria. Poderán estar iniciadas con posterioridade á data de entrada en vigor do Plan estatal 2018-2021 (entrada en vigor do 11 03 2018), pero non con anterioridade. O prazo máximo de execución da actuación virá determinado na resolución de cualificación provisional das obras.

5. O custo de todas as actuacións subvencionables incluírá tamén os honorarios das persoas profesionais que interveñan, o custo de redacción dos proxectos, direccións técnicas ou facultativas, os informes técnicos e certificados necesarios, os gastos derivados da tramitación administrativa e calquera outro gasto similar, derivados da actuación, sempre que estean debidamente xustificadas. No custo total das obras non se incluírán os gastos derivados de impostos, taxas e tributos.
6. O custo subvencionable das obras, incluídos os gastos sinalados no parágrafo anterior, non poderá superar os custos medios do mercado que correspondan a tales actuacións, os cales se determinarán de conformidade coa última edición publicada da Base de prezos da construción de Galicia ou normativa que a substitúa.

## **5. CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS AXUDAS**

O concello, en función da dispoñibilidade económica da ARRU/ARI para as axudas e do número máximo de actuacións que se poidan conceder determinará as actuacións subvencionables.

A concesión de subvencións a través desta convocatoria, será en réxime de concorrencia non competitiva, de acordo co establecido no artigo 19.2 da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A presentación da documentación poderá facerse por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións

**Anuncio: Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do barrio histórico da Magdalena e Ferrol Vello de Ferrol, referidas ao Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ferrol de data 29.10.2020 con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, Real decreto 106/2018, do 10 de marzo de 2018, anualidade 2020.**

públicas.

Debe cumprirse o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas en canto á obriga de relacionarse electrónicamente coas Administracións Públicas.

A selección de beneficiarios será por rigorosa orde de presentación da solicitude e documentación indicadas no apartado 12.A (Anexo "Solicitude de participación"). A estes efectos será preceptivo que se faga constar o día e a hora de presentación. Para a efectividade da preferencia por data e hora de presentación da solicitude só se computarán as solicitudes que teñan debidamente cumprimentado e asinado o Anexo "Solicitude de participación" xunto coa documentación indicada no apartado 12.A.

Na dita "Solicitude de participación" o solicitante declarará responsablemente que dentro do prazo de 10 días hábiles dende a data de presentación da dita solicitude, achegará a documentación prevista no apartado 12.B.

No caso de non presentar toda a documentación do apartado 12.B das presentes bases no prazo indicado de 10 días hábiles, teráselle por desistido na súa solicitude inicial e archivarase a súa solicitude mediante resolución expresa de conformidade co artigo 21 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Se no exame da documentación presentada de conformidade co apartado 12.B se detecta a necesidade de emenda, seralle requirida polo Concello de conformidade co artigo 68.1 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, para que sexa emendada no prazo de 10 días.

No caso de emenda de instancias, conservarán a preferencia por orde de entrada os solicitantes que incorresen en erro material ou aritmético nas súas solicitudes, pero os solicitantes que non achegaran toda a documentación terán a preferencia por orden de entrada do último documento a achegar dos esixidos de acordo co apartado 12.B desta convocatoria.

No caso de que algún dos documentos previstos no apartado 12.B desta convocatoria tivese que ser expedido por outro organismo público, notaría ou rexistro da propiedade, será suficiente con achegar a solicitude de expedición do documento ante os ditos organismos para conservar a preferencia que lle correspondese por orden de entrada.

Todo iso, sen prexuízo da necesidade da achega da documentación prevista no apartado 12.C, que deberá achegarse previamente á proposta de cualificación definitiva.

Admitiranse solicitudes ata esgotar o crédito dispoñible previsto na convocatoria pública ou o número máximo de intervencións permitidas, dentro dos límites temporais previstos nesta convocatoria relativos ao remate da data de admisión de solicitudes.

## **6. ORZAMENTO PROTEXIDO**

Constitúe o orzamento protexido da actuación o custo total subvencionable de todas as actuacións que se subvencionen segundo o previsto no artigo 51 do RD 106/2018 (incluídos os gastos indicados na base 4.5) que non poderá superar os custos medios do mercado que correspondan a

**Anuncio: Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do barrio histórico da Magdalena e Ferrol Vello de Ferrol, referidas ao Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ferrol de data 29.10.2020 con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, Real decreto 106/2018, do 10 de marzo de 2018, anualidade 2020.**

tales actuacións, os cales se determinarán de conformidade coa última edición publicada da Base de prezos da construción de Galicia ou normativa que a substitúa.

## 7. CONTÍAS DAS SUBVENCIÓNS

### · Axuda estatal:

A contía máxima das axudas non poderá exceder, de forma individualizada, o 40 % do custo subvencionable da actuación (sen IVE). Esta porcentaxe máxima poderá ser do 75 % cando resulten acreditados ingresos na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, e estes resulten inferiores a tres veces o IPREM.

Aplicarase esta mesma porcentaxe cando se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade e se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, que existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

A determinación dos ingresos calcularase de conformidade co disposto no RD 106/2018.

A contía máxima determinarase atendendo ao custo total da intervención e calcularase multiplicando o número de vivendas, que contén coa súa correspondente referencia catastral, polas axudas unitarias e a superficie construída de local comercial ou outros usos establecidas a seguir:

a) Para obras de rehabilitación que acaden os obxectivos de redución da demanda enerxética de polo menos o 25% establecidos no artigo 36 do RD 106/2018:

- Ata 12.000 euros por cada vivenda (12.000,00 € / vivenda) que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva. No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva (edificios de vivendas con locais), esta contía incrementarase con 120 euros por cada metro cadrado (120,00 € / m<sup>2</sup>) de superficie construída de local comercial ou outros usos.

Así mesmo, incrementarase en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado (1.000,00 € / vivenda e 10,00 € / m<sup>2</sup>) de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas catalogadas polo *Plan xeral de ordenación urbana* de Ferrol, o *Plan especial de protección e rehabilitación de A Magdalena* ou o *Plan especial de protección e rehabilitación de Ferrol Vello*. Este incremento de 1.000 euros de axuda por vivenda aplicarase soamente unha vez, independentemente de que realicen conxuntamente ou non as actuacións.

Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado de uso comercial ou outros usos, será necesario que os predios correspondentes participen nos custos de execución da actuación.

b) Para as demais obras subvencionables:

- Ata 8.000 euros por cada vivenda (8.000,00 € / vivenda) que se rehabilite, sexa unifamiliar ou en edificio de tipoloxía residencial colectiva. No caso de edificios de tipoloxía residencial colectiva (edificios de vivendas con locais), esta contía incrementarase con 120 euros por cada metro cadrado (120,00 € / m<sup>2</sup>) de superficie construída de local comercial ou outros usos.

**Anuncio: Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do barrio histórico da Magdalena e Ferrol Vello de Ferrol, referidas ao Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ferrol de data 29.10.2020 con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, Real decreto 106/2018, do 10 de marzo de 2018, anualidade 2020.**

Así mesmo, incrementarase en 1.000 euros por vivenda e 10 euros por cada metro cadrado (1.000,00 € / vivenda e 10,00 € / m<sup>2</sup>) de superficie construída de uso comercial ou outros usos, nos edificios e vivendas catalogadas polo *Plan xeral de ordenación urbana* de Ferrol, o *Plan especial de protección e rehabilitación de A Magdalena* ou o *Plan especial de protección e rehabilitación de Ferrol Vello*. Este incremento de 1.000 euros de axuda por vivenda aplicarase soamente unha vez, independentemente de que realicen conxuntamente ou non as actuacións.

Para poder computar a contía establecida por cada metro cadrado de uso comercial ou outros usos, será necesario que os predios correspondentes participen nos custos de execución da actuación.

· Axuda autonómica:

- Ata 4.000 euros por vivenda (4.000,00 € / vivenda)) obxecto da actuación de rehabilitación ou renovación sen que a subvención poida exceder do 10 % do orzamento protexido de rehabilitación da vivenda ou do edificio. Esta contía máxima aplicarase por vivenda, independentemente do número de actuacións realizadas en cada unha delas.

## 8. COMPATIBILIDADE

As subvencións deste programa son compatibles con calquera outra subvención ou axuda concedida para a mesma finalidade por calquera Administración ou ente público ou privado, sempre e cando a suma do importe de todas elas non supere o custo total da actuación concreta pero, de conformidade co artigo 52 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, serán incompatibles coas subvencións procedentes do Programa de mellora da eficiencia enerxética e sustentabilidade en vivendas, do Programa de fomento da conservación, da mellora da seguridade de utilización e da accesibilidade en vivendas, do Programa de fomento do parque de vivenda en alugamento e do Programa de fomento de vivendas para persoas maiores e persoas con discapacidade, do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

## 9. SOLICITUDE DA VISITA TÉCNICA PREVIA

Previamente á solicitude oficial das axudas, deberá solicitarse unha visita de inspección técnica mediante o impreso oficial normalizado.

Os técnicos da Oficina de Rehabilitación Municipal de Ferrol realizarán a visita para comprobar o estado da edificación e asesorar ao particular sobre as posibilidades de mellora e rehabilitación dos inmobles.

Para os edificios que xa fosen visitados con anterioridade non é necesario repetila, salvo que o concello o considere oportuno.

## 10. MEDIOS DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas e entidades interesadas, dentro do prazo establecido nesta convocatoria, deberán dirixir a solicitude ao Concello de Ferrol mediante a instancia normalizada e os impresos indicados

**Anuncio: Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do barrio histórico da Magdalena e Ferrol Vello de Ferrol, referidas ao Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ferrol de data 29.10.2020 con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, Real decreto 106/2018, do 10 de marzo de 2018, anualidade 2020.**

nestas bases, que estarán dispoñibles no Rexistro do Concello e dixitalmente a disposición pública na sede electrónica en [www.ferrol.gal](http://www.ferrol.gal).

As solicitudes e a documentación presentaranse no rexistro do Concello de Ferrol, nalgún dos seus rexistros auxiliares ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Neste procedemento consideraranse as intervencións que afecten exclusivamente a elementos comúns do edificio como unha única solicitude.

## 11. PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de presentación de solicitudes (Anexo "Solicitude de participación") comezará ás 09:00 horas da mañá do 20º (vixésimo) día hábil contado dende o día seguinte á última publicación desta convocatoria, que se fará no BOP (texto íntegro) e no DOG (anuncio).

Debe terse en conta o disposto na base 5, en relación coa necesidade de presentar a documentación da base 12.B no prazo de 10 días hábiles dende a data de presentación do Anexo "Solicitude de participación".

O prazo de presentación de solicitudes coa documentación prevista no apartado 12 prolongarase ata o día 30/09/2025 ou ata o esgotamento do crédito dispoñible ou do número de intervencións concedidas, se se producen con anterioridade.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da lei 38/2003, do 17 de novembro, o contido desta convocatoria será publicado na "*Base de datos nacional de subvenciones*" e os seus extractos no diario oficial correspondente.

## 12. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

As solicitudes presentaranse en modelo normalizado no rexistro do Concello de Ferrol ou por calquera dos medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

As persoas e as entidades interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, as administracións públicas actuantes poderán requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo.

### A. DOCUMENTACIÓN QUE DEBE ACHEGARSE XUNTO CO ANEXO "SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN":

1. Copia do DNI ou CIF da persoa solicitante.
2. No caso de actuar no nome dunha persoa xurídica, comunidade ou agrupación de comunidades ou agrupación de persoas propietarias, acreditación de ostentar o poder suficiente para facelo (escritura de constitución, estatutos, poder, autorización dos membros da agrupación ou calquera



**Anuncio: Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do barrio histórico da Magdalena e Ferrol Vello de Ferrol, referidas ao Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ferrol de data 29.10.2020 con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, Real decreto 106/2018, do 10 de marzo de 2018, anualidade 2020.**

outro documento válido).

3. No seu caso, acreditación da representación por calquera medio válido en dereito.

## **B. DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGARSE NO PRAZO DE 10 DÍAS HÁBILES:**

Esta documentación deberá achegarse dentro do prazo de 10 días hábiles dende a data de presentación da "Solicitud de participación". Non será preciso achegar a que xa se tivese achegado xunto coa solicitude ou a que xa estivese en poder desta administración por formar parte dun procedemento, sempre que se identifique expresamente o dito procedemento.

### **a) Se o promotor/a é unha persoa física:**

a.1/ Copia do DNI do promotor e no seu caso, ademais, do DNI da persoa que ostenta a representación do promotor. A persoa beneficiaria deberá ter a nacionalidade española ou, no caso dos estranxeiros, ter residencia legal en España.

a.2/ No seu caso, acreditación da representación por calquera medio válido en dereito.

a.3/ Copia do título de adquisición que acredite a propiedade por parte do promotor, ou certificación literal de dominio e cargas expedido polo Rexistro da Propiedade.

### **b) Se o promotor/a é unha persoa xurídica:**

b.1/ Copia do CIF da persoa xurídica.

b.2/ Orixinal ou copia da escritura de constitución da entidade, estatutos vixentes desta e a súa inscrición no Rexistro Mercantil.

b.3/ Acreditación por calquera medio válido en dereito da representación da entidade que ostenta o solicitante, así como o DNI do representante.

b.4/ Copia do título de adquisición que acredite a propiedade por parte do promotor da actuación, acompañado da certificación literal de dominio e cargas expedida polo Rexistro da Propiedade.

b.5/ Acreditación ou declaración responsable de que se atopa debidamente constituída, segundo a normativa que lle resulte aplicable.

### **c) Se o promotor/a é unha comunidade, unha agrupación de comunidades de persoas propietarias ou unha agrupación de persoas propietarias:**

c.1/ Copia acreditativa da constitución da comunidade, da agrupación de comunidades, consorcios ou entes asociativos e do seu respectivo CIF.

c.2/ Acreditación por calquera medio válido en dereito da representación coa que se actúe e copia do DNI do representante (Presidente/s da comunidade ou órganos legais representativos).

c.3/ Copia do acordo da comunidade de propietarios, agrupación de comunidades, consorcios ou entes asociativos, no que autorice a execución das obras e a solicitude da subvención así como

**Anuncio: Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do barrio histórico da Magdalena e Ferrol Vello de Ferrol, referidas ao Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ferrol de data 29.10.2020 con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, Real decreto 106/2018, do 10 de marzo de 2018, anualidade 2020.**

certificado da persoa titular da secretaría referente aos ditos aspectos.

c.4/ Relación de todas as persoas integrantes da comunidade, agrupación de comunidades, consorcios ou entes asociativos coa copia do NIF/CIF de cada propietario, referencia catastral de cada vivenda e local e copia dos títulos de dominio que acrediten a propiedade dos posibles beneficiarios titulares das vivendas e locais así como certificacións literais de dominio e cargas expedidas polo Rexistro da Propiedade sobre todas as vivendas e locais do edificio.

d) Documento de solicitude de visita previa.

e) Autorización do solicitante para que tanto o Concello de Ferrol como a Xunta de Galicia poidan recadar toda a información necesaria, en particular a de carácter tributario ou económico que fose legalmente pertinente pra acreditar o cumprimento dos requisitos.

f) Calquera outra documentación que resulte necesaria e sexa requirida polo Concello de acordo co previsto no artigo 7 do RD 106/2018 e os demais datos informativos que esixe o ministerio no *Protocolo de intercambio normalizado de información sobre o Plan Estatal de Vivenda*.

g) Declaración responsable das persoas beneficiarias das subvencións na que consten as axudas solicitadas ou concedidas para a mesma actuación, o importe da axuda solicitada ou obtida, así como a administración, organismo ou entidade pública que concede a subvención.

h) Acreditación de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria da Lei 38/2003, do 17 de decembro, e da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Tal acreditación poderá realizarse mediante declaración responsable. Esta documentación terá que ser achegada de novo para solicitar o pagamento da axuda de xeito que estea actualizada para ese momento.

i) Documentación das obras e do edificio:

i.1/ PROXECTO OU MEMORIA TÉCNICA REDACTADOS POR TÉCNICO COMPETENTE.-  
Descritivos das obras que se van executar e a súa valoración, coa desagregación das partidas, segundo o disposto nos artigos 36, 43 e 51 do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo.

O proxecto ou memoria deberá indicar, así mesmo, os datos fundamentais do edificio: situación, número de vivendas e locais, superficie construída sobre rasante, superficie sobre rasante con uso residencial e unha reportaxe fotográfica das obras que se van realizar (obtida con anterioridade a que se realicen) así como a referencia catastral da vivenda ou do edificio. A memoria valorada substitúe ao proxecto de obras cando se trate de obras menores e en todo caso deberá estar asinada por técnico competente. Tanto o proxecto coma a memoria técnica, no seu caso, deberán conter o orzamento por partidas e a xustificación de que as obras supoñen unha adaptación á normativa vixente.

i.2/ O técnico deberá recoller nun documento as partidas adicadas a eficiencia enerxética, accesibilidade e sostenibilidade, de tal maneira que se indique a distribución do importe subvencionable entre estes tres tipos de actuacións expresando o importe que corresponde a cada unha delas. Nos apartados de eficiencia enerxética e accesibilidade, tomaranse en conta todas as partidas necesarias para a súa correcta posta en funcionamento (como desmontaxes, acabados e outros).

**Anuncio: Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do barrio histórico da Magdalena e Ferrol Vello de Ferrol, referidas ao Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ferrol de data 29.10.2020 con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, Real decreto 106/2018, do 10 de marzo de 2018, anualidade 2020.**

i.3/ LICENZA OU COMUNICACIÓN PREVIA E AUTORIZACIÓNS SECTORIAIS.- Para a tramitación da cualificación provisional será necesario presentar copia da licenza ou da comunicación previa / declaración responsable, no seu caso, e das autorizacións sectoriais para a execución das obras.

i.4/ Copia do título de DIVISIÓN HORIZONTAL ou, no seu defecto, documentación acreditativa da división do edificio en distintas vivendas e locais.

i.5/ Conforme co artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención. Deberá xustificarse a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

i.6/ No caso de solicitar acollerse ao incremento até o 75% da axuda do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana por ter ingresos a unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda inferiores a tres veces o Indicador Público da Renda de Efectos Múltiples (IPREM), presentárase copia do documento da última declaración da renda.

Para o cálculo partírase das contías da base imponible xeral e do aforro reguladas nos artigos 48 e 49, respectivamente, da Lei 35/2006, do 28 de novembro.

i.7/ No caso de que se acometan actuacións para a mellora da accesibilidade, poderán acollerse igualmente ao incremento até o 75% da axuda do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana sempre que se acredite na unidade de convivencia da persoa propietaria ou arrendataria, promotora da actuación e residente na vivenda, que existen persoas con discapacidade ou maiores de 65 anos.

Achegaranse para acreditar cada unha destas dúas circunstancias, segundo corresponda en cada caso:

- Certificado de discapacidade dos membros da unidade de convivencia dependentes ou con discapacidade recoñecida.

- Documento acreditativo da idade do membro da unidade de convivencia maior de 65 anos (DNI, Certificado de nacemento, ...).

i.8/ No caso de solicitar axudas por obras de mellora da eficiencia enerxética, será necesario achegar o certificado do estado previo calculado mediante programas informáticos recoñecidos polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico (que se poden acadar no rexistro xeral de documentos recoñecidos para a certificación da eficiencia enerxética dos edificios) e xustificar a mellora obtida que deberá ser polo menos unha redución da demanda enerxética anual global do 25%.

**Anuncio: Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do barrio histórico da Magdalena e Ferrol Vello de Ferrol, referidas ao Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ferrol de data 29.10.2020 con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, Real decreto 106/2018, do 10 de marzo de 2018, anualidade 2020.**

### C. DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGARSE PREVIAMENTE Á PROPOSTA DE CUALIFICACIÓN DEFINITIVA:

Estas certificacións non terán que achegarse coas solicitudes, senón previamente á proposta municipal de cualificación definitiva da actuación subvencionable, no seu caso:

- Certificacións de cada persoa propietaria, expedidas polas respectivas administracións, acreditativas do cumprimento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, de obrigas coa Seguridade Social, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Ferrol (esta última será acadada polo propio concello), consonte o disposto no artigo 11.e) da Lei de subvencións de Galicia e no artigo 14.1.e) da Lei xeral de subvencións.

Cando chegue o momento do pagamento, se as certificacións achegadas estivesen caducadas, deberán achegarse novas certificacións acreditativas actualizadas

## **13. PROCEDIMENTO DE TRAMITACIÓN DAS SUBVENCIÓNS**

### **a) Aprobación inicial das axudas. Cualificación provisional**

O Concello, no marco do procedemento da convocatoria de axudas, despois de que se presenten as solicitudes, revisará as solicitudes e a documentación presentada e, logo dos requirimentos que considere oportunos para completar ou aclarar a documentación recibida, dentro dos prazos previstos na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ditará resolución do órgano competente en relación coas solicitudes admitidas e coas solicitudes excluídas que non cumpran os requisitos, e elaborará unha proposta de cualificación provisional que lle remitirá a Área Provincial da Coruña do IGVS.

A proposta de cualificación provisional conterá a identificación da persoa ou entidade solicitante, o tipo de actuación, o orzamento protexido, o prazo de execución das actuacións e o importe máximo da subvención que se propón, e acompañarase dunha certificación municipal do cumprimento dos requisitos exixidos polo Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, referida ás actuacións, aos edificios, ás vivendas, así como ás persoas ou entidades beneficiarias.

O órgano competente para resolver sobre as cualificacións provisionais é a persoa titular da xefatura territorial do IGVS, e ditará unha resolución sobre a cualificación provisional das actuacións, que conterá a identificación da persoa ou entidade solicitante e describirá o tipo de actuación, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación, o seu orzamento protexido, o prazo de execución e de comunicación do remate das obras.

A cualificación provisional é requisito necesario para acadar o financiamento previsto no acordo específico. A obtención da cualificación provisional non xera para a súa persoa ou entidade titular o dereito á concesión da subvención nin comporta a súa consideración de persoa ou entidade beneficiaria da axuda.

Conforme coa Resolución do IGVS do 19 de xuño de 2020, serán causas de denegación da cualificación provisional, as seguintes:

**Anuncio: Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do barrio histórico da Magdalena e Ferrol Vello de Ferrol, referidas ao Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ferrol de data 29.10.2020 con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, Real decreto 106/2018, do 10 de marzo de 2018, anualidade 2020.**

a) Que a actuación prevista non se encontre entre as actuacións de rehabilitación recollidas neste programa.

b) Que a actuación non se axuste ás determinacións do Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, ou ao acordo específico asinado co Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana.

O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación provisional será de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da entrada na correspondente área provincial do IGVS da proposta municipal de cualificación provisional. Finalizado o citado prazo sen que se dite e notifique a resolución, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Contra a resolución que sobre a cualificación provisional diten as xefaturas territoriais do IGVS poderase interpor un recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

#### **b) Execución das obras**

O solicitante promotor das obras daralle conta ao Concello da data de comezo das obras mediante certificación de inicio de obra, no caso de ser requirido polo concello a través da Oficina Municipal de Rehabilitación.

As obras deberán executarse no prazo máximo establecido na cualificación provisional das axudas, e en todo caso deberán estar rematadas e comprobadas con toda a súa documentación antes do 30 de setembro de 2025.

As obras deberán axustarse ás prescricións contidas no proxecto técnico ou na documentación que servíu de base para a cualificación provisional, e non se admitirán máis modificacións na súa execución que as autorizadas por proposta da dirección facultativa conformada pola Oficina Municipal de Rehabilitación e, en todo caso, deberán estar autorizadas pola correspondente licenza ou comunicación previa, ou orde de execución e as autorizacións sectoriais para a execución das obras.

A Oficina Municipal de Rehabilitación poderá en todo caso supervisar as obras co obxecto de comprobar o correcto cumprimento das condicións ás que estean sometidas en virtude das axudas concedidas.

Durante o período de execución das obras, o promotor deberá colocar o cartel informativo do programa de axudas para a rehabilitación, de acordo co deseño proposto pola Oficina de Rehabilitación, elaborado de acordo cos convenios asinados, e até o cobro total das axudas solicitadas.

#### **c) Remate das obras e cualificación definitiva**

As persoas e entidades promotoras das actuacións, dentro do prazo fixado na resolución de cualificación provisional, comunicaranlle o remate das actuacións ao concello, que realizará as seguintes comprobacións:

a) Que as actuacións foron executadas dentro dos prazos e coas exixencias establecidas na resolución de cualificación provisional.

**Anuncio: Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do barrio histórico da Magdalena e Ferrol Vello de Ferrol, referidas ao Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ferrol de data 29.10.2020 con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, Real decreto 106/2018, do 10 de marzo de 2018, anualidade 2020.**

b) Que para a súa execución se contou con todas as autorizacións necesarias.

c) Que os pagamentos efectivos das facturas e os documentos bancarios de pagamento das ditas actuacións foron realizados polas persoas ou polas entidades beneficiarias que figuraban na resolución de cualificación provisional.

Ademais, as facturas reunirán en todo caso os seguintes requisitos: nome da persoa beneficiaria que figure na cualificación provisional, razón social, enderezo e NIF de quen emite a factura, IVE desagregado, nome, enderezo, NIF do pagador titular da cualificación provisional e forma de pagamento. Deberá quedar claramente descrito o produto vendido ou o servizo prestado.

O pagamento das facturas presentadas deberá acreditarse mediante documentos bancarios. Non se admitirán pagamentos en efectivo nin se admitirán como xustificantes os obtidos a través da rede internet se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen de códigos de verificación na sede electrónica da entidade bancaria. Excepcionalmente, admitirase o "recibín" do provedor para gastos por importes inferiores a 1.000 euros.

A cualificación definitiva supón a xustificación da execución de todas as actuacións cualificadas e o acordo efectivo da subvención.

Serán causas de denegación da cualificación definitiva as seguintes:

a) Non executar as obras de conformidade co previsto na resolución de cualificación provisional, executalas parcialmente ou executar obras distintas das previstas na citada resolución de cualificación provisional.

b) Non executar as obras de conformidade coa licenza de obras ou non cumprir as condicións recollidas nela, ou coa comunicación previa no caso de que a actuación non estivese sometida a licenza.

c) Incumprir o prazo de execución previsto na resolución de cualificación provisional.

d) Incumprir calquera dos requisitos previstos no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, na Resolución do IGVS do 19 de xuño de 2020 e nesta convocatoria para obter a condición de persoa ou entidade beneficiaria.

O concello elaborará unha proposta de cualificación definitiva, que conterá a identificación da persoa ou da entidade beneficiaria, o tipo de actuación, o orzamento xustificado e a proposta de subvención final que se deberá aboar. Con esta proposta de cualificación definitiva, que remitirá á área provincial do IGVS, deberase xuntar unha certificación, que constituirá a conta xustificativa do custo da actividade regulada no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e xustificativa do cumprimento dos requisitos establecidos no Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, na Resolución do IGVS do 19 de xuño de 2020 e na correspondente resolución de cualificación provisional, relativos tanto á actuación como á persoa ou entidade beneficiaria.

As xefaturas territoriais do IGVS, con base na documentación remitida polo concello e logo das comprobacións, de ser o caso, que consideren oportunas, resolverán sobre a cualificación definitiva. Na resolución pola que se concede a cualificación definitiva constará o tipo de actuación realizada, o número de vivendas e locais que comprenda a actuación e o importe do orzamento

**Anuncio: Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do barrio histórico da Magdalena e Ferrol Vello de Ferrol, referidas ao Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ferrol de data 29.10.2020 con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, Real decreto 106/2018, do 10 de marzo de 2018, anualidade 2020.**

protexible. A obtención da cualificación definitiva non xera para a súa persoa ou entidade titular o dereito á concesión da subvención nin comporta a súa consideración de persoa ou entidade beneficiaria da axuda.

O prazo para ditar e notificar a resolución sobre a cualificación definitiva será de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da entrada na área provincial do IGVS da proposta municipal de cualificación definitiva. Finalizado o citado prazo sen que se dite e notifique a resolución, a persoa interesada poderá entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

Contra a resolución da cualificación definitiva que dite a xefatura territorial do IGVS poderase interpor un recurso de alzada ante a persoa titular da Presidencia do IGVS, no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte ao da súa notificación.

#### **14. PAGAMENTO DAS SUBVENCIÓNS**

Con carácter previo ao pagamento das subvencións, todas as persoas beneficiarias deberán achegar:

- a) Certificado da titularidade, sempre a nome do beneficiario, da conta bancaria que designe para o pagamento.
- b) Certificacións expedidas polas respectivas administracións, acreditativas do cumprimento de obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, de obrigas coa Seguridade Social, coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e co Concello de Ferrol (esta última será acadada polo propio concello).
- c) Declaración responsable de que o beneficiario non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

O IGVS resolverá o pagamento ao Concello atendendo o previsto no acordo do 29 de outubro de 2020 da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.

O concello aboará as subvencións estatais e autonómicas ás persoas e ás entidades beneficiarias e xustificará estes pagamentos mediante unha certificación municipal onde conste o número de expediente, o nome da persoa promotora da actuación, o seu NIF, o importe da subvención e a data de pagamento. A xustificación dirixirase á área provincial do IGVS no prazo de un mes, contado a partir do día seguinte a aquel en que se realizasen os oportunos pagamentos.

O concello minorará o importe da subvención concedida cando o orzamento xustificado teña unha contía inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión, e sempre e cando se acredite que a actuación concreta está totalmente executada.

O pagamento realizarase pola contía que resulte de aplicar o disposto no número 7 das presentes bases ao custo final efectivamente xustificado das actividades subvencionadas.

#### **15. DENEGACIÓN, REVOGACIÓN E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS**

**Anuncio: Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do barrio histórico da Magdalena e Ferrol Vello de Ferrol, referidas ao Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ferrol de data 29.10.2020 con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, Real decreto 106/2018, do 10 de marzo de 2018, anualidade 2020.**

Sen prexuízo da posible incompatibilidade que legalmente fose aplicable en concorrencia coas axudas desta convocatoria, en ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actuación subvencionada, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

1. Consonte o ordinal Vixésimo oitavo da Resolución do IGVS do 19 de xuño de 2020, serán causas de perda e posterior reintegro da subvención:

a) O incumprimento das obrigas recollidas no ordinal Vixésimo sétimo da Resolución do 19 de xuño de 2020 do IGVS.

b) A falta de xustificación total das actuacións correspondentes dentro dos prazos establecidos.

c) O incumprimento ou falsidade nas condicións requiridas para o outorgamento da subvención, que comportará, ademais das sancións que poidan corresponder, así mesmo, o incremento do reintegro da subvención percibida co xuro legal correspondente desde o seu pagamento, máis un 25 %, segundo establece o artigo 34 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, salvo que a Lei de orzamentos do Estado estableza outro diferente.

2. Tamén serán motivo de reintegro os supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Asemade, serán causas de denegación ou revogación das subvencións, ademais da de non reunir as condicións indicadas nos puntos 2 e 4 da convocatoria, as seguintes:

a) Incurrir en falsidade nos datos tidos en conta na selección da axuda reflectidos no número 5 desta convocatoria.

b) Cometer infraccións urbanísticas graves ou moi graves nas obras de rehabilitación subvencionadas.

c) O incumprimento dos prazos para a execución das obras ou para a xustificación dos gastos.

d) A incorrecta execución das obras de rehabilitación, apreciada polos técnicos da Oficina de Rehabilitación.

e) O impedimento ou obstrución grave, por parte do promotor ou do contratista, á supervisión das obras por parte dos técnicos da Oficina Municipal de Rehabilitación.

f) Calquera outra infracción que dispoña a normativa vixente.

4. O procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito de cobramento da subvención e, de ser o caso, para facer efectiva a devolución será o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

## **16. CONTÍAS DO PROGRAMA DE REHABILITACIÓN**



**Anuncio: Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do barrio histórico da Magdalena e Ferrol Vello de Ferrol, referidas ao Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ferrol de data 29.10.2020 con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, Real decreto 106/2018, do 10 de marzo de 2018, anualidade 2020.**

As contías máximas das achegas, segundo o acordo da Comisión Bilateral do 29 de outubro de 2020, son as seguintes:

Área de Rexeneración e Renovación Urbana	Nº intervencións	Achega do ministerio	Achega da Xunta
ARRU/ARI A Magdalena e Ferrol Vello 14ª fase	50	275.000,00 €	57.750,00 €

## 17. TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Conforme co ordinal Cuarto da Resolución do 19 de xuño de 2020, os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-IGVS coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da Carpeta cidadá.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderán exercitarse ante o IGVS.

Os datos das persoas solicitantes tamén serán incorporados aos ficheiros municipais, cuxa finalidade é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións reguladas por estas bases, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación das actividades subvencionadas e as demais actuacións previstas na normativa legal para a conclusión do proceso de subvencións, polo que a súa achega é obrigatoria. Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

A presentación da solicitude de axudas polos interesados leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

## 18. NORMATIVA DE APLICACIÓN

Para todo o non previsto nesta convocatoria será de aplicación específica a seguinte normativa:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- Real decreto 106/2018, do 9 de marzo, polo que se regula o Plan Estatal de Vivenda 2018-2021.
- Resolución do 19 de xuño de 2020 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de fomento da rexeneración e renovación urbana e rural do Plan estatal de vivenda 2018-2021, se establecen as bases reguladoras das axudas previstas para este programa e se abre o prazo de participación para a anualidade 2020 (código de procedemento VI408K). (disposición publicada no DOG 128 do 30/06/2020).

Ademais será de aplicación:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións

**Anuncio: Bases reguladoras da convocatoria de subvencións para a rehabilitación de edificios e vivendas na área de rexeneración e renovación urbana do barrio histórico da Magdalena e Ferrol Vello de Ferrol, referidas ao Convenio entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Comunidade Autónoma de Galicia e o Concello de Ferrol de data 29.10.2020 con base no Plan estatal de vivenda 2018-2021, Real decreto 106/2018, do 10 de marzo de 2018, anualidade 2020.**

- públicas.
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
  - Lei 8/2013, do 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas.
  - Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 29 de outubro de 2020, relativo á Área de Rexeneración e Renovación Urbana Barrios Históricos A Magdalena e Ferrol Vello, 14ª Fase (A Coruña). Comunidade Autónoma De Galicia. Plan Estatal De Vivenda 2018-2021. Anualidade 2020.
  - Real decreto legislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana.
  - Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, da Comunidade Autónoma de Galicia.
  - Calquera outra normativa concordante que resulte de aplicación."

Ferrol.

O concelleiro delegado titular da Área de Urbanismo e Infraestruturas,  
Mobilidade, Vivenda e Rehabilitación, Contratación,  
Centro de Recursos Informáticos e Organización Interna  
(por delegación da Alcaldía de 08/07/2019  
publicada no BOP 137 do 22.07.2019)

Julián Reina Villalón